



ACTIVIDADES DENDE A AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PARA 3º DE PRIMARIA

Esta semana do 1 ao 5 de xuño temos propostas
ECOLÓXICAS, dado que o venres é o Día do Medioambiente.

Imos LER esta historieta do Xornal O Papagaio que nos fará
pensar sobre ECOLOXÍA e sobre o que podemos facer para
respectar máis o medioambiente.

O ESTILO DE VIDA DO CIBRAO

O Cibrao deixa a billa aberta mentres se peitea. Gasta uns cantos litriños de auga sen usala, cada mañá.



Despois almorza anonas do Perú. Gústalle máis que a froita de temporada das hortas de arredor. Os avións que traen as anonas para o Cibrao queiman uns cantos miles de litros de queroseno para atravesaren o Atlántico.



E logo vístese. O Cibrao viste á moda. Renova o armario cada ano. Enche os colectores de roupa "pasada de moda".



Á escola vai no seu coche. Élle máis cómodo que o bus escolar. Lévaos a nai. Van botando algunhas nubiñas de fume e subindo uns cantos decibels o ruído da cidade.



No recreo bebe briks de zume pola palliña de plástico. Despois bótaos na papeleira. Varios centos de briks e palliñas ao ano.



Ao mediodía vai coa nai ao supermercado e veñen cargados con bolsas de plástico. Xuntan un océano de bolsas de plástico.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP *plurilingüe* DE CASTRELO

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/>

O Cibrao non é moi comedor. Sóbralle sempre comida. E as sobras van ao caldeiro.



Cando o convidan a un aniversario, compra sempre dous agasallos: un para quen o convida e outro para el.



Nas festas de aniversario non se recolle a mesa. É **todo de tirar**: papel de agasallo, cintas, vaixela de plástico, cubertos de plástico, mantel de papel...



Cando o Cibrao mancha a roupa nas festas, o pai quíttalle as manchas con produtos quitamanchas. Despois **marchan os produtos polo desaugadoiro da lavadora**.



Na cidade do Cibrao a xente prende **todas as luces da casa** a un tempo. Até deitarse.



Algunhas noites o Cibrao ten pesadelos horribles. Soña que a Terra está moribunda.



E igual é certo. Con tanto consumo de auga, tanto consumo de cousas, tanto que-roseno, tanto lixo... A coitada abafa!




Á escola vai no seu coche. Élle máis cómodo que o bus escolar. Lévaos a nai. Van botando **algunhas nubiñas de fume** e subindo uns cantos decibels o ruído da cidade.



No recreo bebe **briks** de zume pola palliña de plástico. Despois bótaos na papeleira. Varios **centos de briks e palliñas** ao ano.



Ao mediodía vai coa nai ao supermercado e veñen cargados con bolsas de plástico. Xuntan **un océano de bolsas de plástico**.



Está claro que o estilo de vida de Cibrao NON é o mellor para coidar do noso planeta. Imos buscar unha SOLUCIÓN.

QUE FARÍA EU PARA DARLLE EXEMPLO A CIBRAO?




**- Pon unha CRUZ nos comportamentos que son
RESPECTUOSOS co Medioambiente.**

- ☐ Deixar a billa aberta cando lavas os dentes.
- ☐ Non malgastar a auga e pechar a billa cando non a precisas..
- ☐ Comer os produtos que che apetecen sen importarte de onde veñan.
- ☐ Consumir froitas e produtos de temporada e da zona onde vives.
- ☐ Procurar non utilizar moitos obxectos de usar e tirar.
- ☐ Comprar vasos, pratos e cubertos de plástico que así non hai que fregar.
- ☐ Mercar todo o que un quere aínda que teñamos cousas suficientes.
- ☐ Mercar o necesario e que realmente imos utilizar.
- ☐ Botar no prato a comida que seremos capaces de comer.
- ☐ Non importa o que enchamos o prato, se non nos gusta, vai ao caldeiro do lixo.



-SINALA outra cousa que debería mellorar Cibrao no seu estilo de vida. Podes acompañar a frase dun debuxo.



Traballa ATENCIÓN, RAZOAMENTO VERBAL E PERCEPCIÓN VISUAL con este ENCRUCILLADO

CÓMO PROTEGER NUESTRO PLANETA

COMPLETA con una palabra.

Horizontales


- 3-** Evitemos contaminar los.....
- 7-** Plantar un.....es reforestar.
- 9-** Todos juntos a promover el.....
- 10-** Salvemos todos la capa de.....





Verticales

- 1-.....el papel.
- 2- El cambio.....está afectando al Planeta,
- 4- La.....nos afecta a todos.
- 5-Todos a proteger el.....
- 6- Protejamos el.....en que vivimos.
- 8- Sólo tenemos un planeta.....






Se non dás coa solución BUSCA aquí as palabras:

ÁRBOL, OZONO, SUELOS, CONTAMINACIÓN, CLIMÁTICO,
REUTILIZAR, TIERRA, PLANETA, RECICLAJE, AMBIENTE.

Mellora MOTRICIDADE FINA e PERCEPCIÓN ESPACIAL

Completa ti a outra metade da árbore.





1- Compré una bici por 258€ y un casco por 43 €. Entregué para pagar 4 billetes de 100€.¿ Cuánto me tendrán que devolver?

DATOS

PREGUNTA

OPERACIÓN

RESPUESTA

2- En una librería compré tres libros que costaban 8 € cada uno. Si pagué con un billete de 50€,¿ cuánto me devolvieron?

DATOS

PREGUNTA

OPERACIÓN

RESPUESTA

3- Un televisor cuesta 478 € . Dibuja los billetes y monedas necesarios para pagarlo.



4- Quiero comprar un ordenador que cuesta 452€ y tengo ahorrados 325€. ¿Cuánto necesito ahorrar para poder pagarlo? Dibuja lo que tienes que ahorrar.

DATOS

PREGUNTA

OPERACIÓN

RESPUESTA

5- Los abuelos nos dieron a cuatro hermanos 264 € para que los repartiésemos. ¿Cuánto nos correspondió a cada uno?

DATOS

PREGUNTA

OPERACIÓN

RESPUESTA



Agardo que che gustaran as miñas propostas desta semana e que che fixeran pensar no importante que é coidar do noso planeta.

Fai todo con tranquilidade xa que dende a titoría tamén terás que facer.

Unha aperta.

A túa profesora de PT.